



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Procedemento

Código SIA

Expediente: PLN/2022/18

Trámite Acta.- Acta de sesión

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO CON DATA VINTE E OITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Argemino Varela Filgueiras	Asiste
María del Pilar Diaz Otero	Asiste
Iván Martínez González	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Irene Toimil Fernández	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste

Coa presenza da Interventora municipal, Ana María Gómez Peña.

Actuando como secretaria, a titular do posto Paula E. Ramos Díaz.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

No Salón de Sesións do Concello pola Presidencia declárase aberta a sesión ás dezanove horas e trinta minutos.

1º.-SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 30.11.2022 (2022-0016).- Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria realizada polo Pleno con data 28.09.2022 para os efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 91.1º do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Si se podía realizar unha intervención pola alcaldía tras a intervención do propoñente da moción

Non suscitándose debate ningún e non formulándose alegación ou observación ningunha, en votación ordinaria, aprobouse polo voto favorable dos membros asistentes ás mesmas e a abstención do concelleiro Iván Martínez González por estar ausente na indicada sesión.

2º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN URXENTES.

Non se formulan.

3º.- FACENDA.- EXPEDIENTE 1941/2022. DAR CONTA DO INFORME RESUMEN ANUAL DE CONTROL INTERNO 2021.- Dáse conta ao presente órgano colexiado da documentación que consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona PLN/2022/18 no que obra incorporado informe de Intervención de control interno relativo ao exercicio 2021 asociado ao expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 1941/2021, emitido con data 04.09.2022, relación resumen de los informes de reparo suspensivos emitidos con resultado de resolución contraria del órgano competente e ditame emitido pola Comisión informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión ordinaria realizada con data 26.10.2022.

O Pleno dáse por enterado.

4º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES. Por parte de secretaría dáse lectura á dilixencia asinada con data 22 de decembro de 2022:

“EXPEDIENTE 276/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 01/2022.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e pola Resolución da Alcaldía núm. 2022-0662





Concello de Mugardos
(A Coruña)

acordouse ordenar o pagamento das relacións contables de facturas F/2022/1, F/2022/5 e F/2022/8.

Expediente 1776/2022. CALENDARIO LABORAL 2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse certificación do acordo adoptado á Xefa de sección do SMAC da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

EXPEDIENTE 1919/2022. RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 02/2022. Uniuse certificación do acordo ao expediente, acordándose pola Resolución da Alcaldía núm. 2022-0876 ordenar o pagamento da relación contable de facturas F/2022/20, pola Resolución da Alcaldía núm. 2022/1043 ordenar o pagamento da relación contable de facturas F/2022/26 e pola Resolución da Alcaldía núm. 2022/1125 ordenar o pagamento da liquidación da EDAR.

EXPEDIENTE 869/2022. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13. Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e poñéndose a disposición na sede electrónica do Concello e no Rexistro Xeral do Concello o formulario “Participación na elaboración da Normativa”, procedéndose, así mesmo, á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no portal de transparencia, nos que estará dispoñible o certificado do acordo e os informes técnicos municipais.

EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e poñéndose a disposición na sede electrónica do Concello e no Rexistro Xeral do Concello o formulario “Participación na elaboración da Normativa”, procedéndose, así mesmo, á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no portal de transparencia, nos que estará dispoñible o certificado do acordo e os informes técnicos municipais.

EXPEDIENTE 2081/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (PREMADECOR). Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Deputación Provincial da Coruña certificación do acordo adoptado.

EXPEDIENTE 2381/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL PP, DE ADHESIÓN AO MANIFESTO POLA PESCA, O MARISQUEO, A ACUICULTURA E A CADEA MAR-INDUSTRIA EUROPEAS PROMOVIDO POLA XUNTA DE GALICIA Uniuse certificación do acordo ao expediente.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN Á SANIDADE PÚBLICA. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Concelleira da Área de Benestar Social e Igualdade copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado.

EXPEDIENTE 569/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse a Conta Xeral correspondente ao exercicio de Exercicio 2021 ao órgano de control externo.

MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE PARA RECLAMAR A BAIXADA DAS TAXAS DA AUTORIDADE PORTUARIA. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA ÁS MEDIDAS PARA O FOMENTO DO SISTEMA DE TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE PARA A RECUPERACIÓN DA LIÑA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CREAMENTO E O MANTEMENTO DE OFICINAS MUNICIPAIS DE INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR. Uniuse certificación do acordo ao expediente.”

5º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O ENTRE O 2022-1115 AO 2022-1250.

Non se realiza pregunta ou aclaración ningunha.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos

Marta Ruiz del Ganso, concelleira do grupo municipal PSdG-PSOE formula un rogo en relación ás deficiencias do pavillón e quere saber se se poden buscar algunha subvención para solucionarlas antes de que se teña que pechar e suspender as actividades.

José Ángel Martínez Bardanca portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE formula un rogo polo estado das palmeiras do concello xa que considera que necesitan coidado, fai moitos anos que non se limpan e poden suponer un perigo en caso de vento.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Toma a palabra o alcalde. Sinala que é verdade o que se dixo e se sacou unha licitación que quedou deserta. Dado o elevado custe do tellado polo material se estima que se poderá pedir unha suvención. Se tentará utilizar aceiro inoxidable.

As palmeiras van dentro do contrato de poda de árbores.

O concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio ambiente e TICs contesta que van un poco lentos máis se podarán todas as palmeiras públicas.

Preguntas

Pregunta del concejal del Grupo PSdeG Ignacio Fernandez Fernandez (reprodúcese segundo escrito presentado con data 27 de decembro de 2022 , número rexistro entrada 2022-E-RPLN-24):

“Pregunta del concejal del Grupo PSdeG Ignacio Fernandez Fernandez dirigida al Sr. Alcalde Juan Domingo de Deus o al Concejal que corresponda. En Mugardos no se estan ejecutando las obras aprobadas por el pleno. En el Pasado Pleno el concejal de Hacienda no indicó que se llevaría a comisión el estado de las licitaciones de las obras pero tras dos comisiones no se ha facilitado ninguna información. ¿pueden indicarnos el motivo por el que no se facilita esta información a los concejales en la comisión de obras?”

O concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio ambiente e TICs: Despiste e se levará á seguinte e da conta do estado da obra en Rosalía de Castro e Curuto e rúa Galieñeiro. O coche da Policía está pendente de entrega e falta presentar documentación sobre a actualización de proxectos.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE (reprodúcese segundo escrito presentado con data 27 de decembro de 2022 , número rexistro entrada 2022-E-RPLN-24):

“Pregunta del concejal del Grupo PSdeG Jose Angel Martinez Bardanca dirigida al Sr. Alcalde Juan Domingo de Deus o al Concejal que corresponda. La obra que esta ejecutando el concello de Mugardos lleva parada todo el mes de diciembre. Debido a los problemas que han surgido en la escuela infantil los vecinos de la zona del Loyola nos muestran su preocupación por la paralización de los trabajos en el aparcamiento. ¿nos pueden indicar cual es el problema que hay y si la obra tiene fecha prevista de finalización?”.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE (reprodúcese segundo escrito presentado con data 27 de decembro de 2022 , número rexistro entrada 2022-E-RPLN-24):





Concello de Mugardos
(A Coruña)

“Pregunta del concejal del Grupo PSdeG Jose Angel Martinez Bardanca dirigida al Sr. Alcalde Juan Domingo de Deus o al Concejal que corresponda. El Gobierno municipal nos informó durante este año de la asistencia a las reuniones del GALP en relación a la apertura del período de programación 2023-2027 del Fondo Europeo Marítimo, de Pesca y Acuicultura (FEMPA), para este ámbito territorial de Ferrol, Narón, Neda, Fene, Mugardos, Ares, Cabanas, Pontedeume, Miño y Paderne.

Entre las conclusiones extraídas de las reuniones destacaba, la necesidad de fomentar la cooperación entre entidades en cuestiones como el turismo, la valoración del patrimonio, y la revalorización de los pueblos... así como la promoción del producto pesquero local, eje central del trabajo del GALP con el sector pesquero de la zona.

¿puede concretarnos cual es el proyecto que Mugardos va a presentar a este programa de promoción 2023-2027 del GALP?”

E engade que o normal é que se informe nas comisións informativas e non que se teña que preguntar no pleno.

Procédese a dar unha resposta para as dúas preguntas:

O concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio ambiente e TICs: hai dúas obras recepcionadas e todas as que quedaron desertas. En canto ás obras PPOS pode preguntar aos funcionarios. A obra de Loyola está vinculada á climatoloxía e el mesmo foi testigo de como case se enterra un camión e se presentou un escrito da empresa para rematar as obras a finais de xaneiro.

O concelleiro delegado de Persoal, Facenda e Participación Cidadá: en base as directrices da UE hai moitas liñas máis non proxectos xa que se está a estudar polos técnicos/as. En canto á obra do Mercado se non está licitado é por que houbo que reformar o proxecto en función de diferentes medidas, entre outras, de seguridade. A empresa redactora non quiso asumir as reformas e se tivo que encargar a outra empresa. Se solicitou unha subvención con cargo aos Fondos Next e tras a súa denegación se licitará con fondos propios. Máis non se deixou pasar as axudas GALP. E os placeiros o saben xa que se falou con eles e eles mesmos trasladaron deficiencias. Esta mesma semana se trasladaron os criterios a ter en conta para a presentación e se buscarán proxectos de consenso.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE: hai que preguntarlo por que o mellor é executar a obra con fondos externos. E en canto ao que se presentou polo concello ante os fondos Next Generation non debeu de ser o suficiente e causa frustración xa que están moi lonxe do que sería puntuable.e as do GALP si estaban dispoñible e se perderon. ¿se van a seguir buscando liñas de axuda ou se renuncia a buscar financiamento?

O concelleiro delegado de Persoal, Facenda e Participación Cidadá resposta que en canto ao esforzo aplicado se lle trasladará á funcionaria xa que el como concelleiro non se dedica a redactar memorias.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE: algunha responsabilidade terá xa que ten unha adicación exclusiva.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

O concelleiro delegado de Persoal, Facenda e Participación Cidadá : reitera a contestación á pregunta formulada. O luns saíron os criterios e con eles se tentará buscar unha solución.

Alcalde. Sen prexuízo das valoracións da memoria, ao mellor os criterios fondos NEXT non se adecúan a este tipo de concellos.

A continuación se produce un debate con diferentes intervencións sobre as responsabilidades sobre o proxecto do mercado.

E prosigue o Alcalde indicando que o proxecto non era correcto e non considera que fose responsabilidade de goberno ningún.

Sendo as vinte horas do vinte e oito de decembro de dous mil vinte e dous, o Presidente levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Mugardos, na data que figura na sinatura dixital á marxe

Visto e praxe
O alcalde
Juan Domingo de Deus Fonticoba

A secretaria
Paula E. Ramos Díaz

